



Comunicado de AXUNTAR, asociación prá normalización del galego de Asturias, en relación coa noticia publicada recentemente nos diarios asturianos Lne e Elcomercio.es, unde se informa que a Conselleira de Cultura e Política Lingüística, Berta Piñán, visitou Tapia pra anunciar el proxecto de acondicionamento del faro de Tapia como residencia de escritores, así como el nome de dita residencia: “Al faru”.

Sin puer en cuestión el interés que poda ter a iniciativa que se propoin levar a cabo as distintas Administraciois pra darlle un uso cultural al edificio, esta Asociación non pode pasar por alto el feito de que el nome proposto ningunea el idioma propio da comarca de Asturias onde el mismo se atopa, que é el galego-asturiano ou galego de Asturias. Sendo así, a denominación a utilizar sería, en todo caso, “Al faro”. Analogamente, se a instalación proxectada tuvera situada, por exemplo, en Candás ou en Llastres, é evidente que “Al faru” resultaría ser el nome axeitado.

Non podemos tampouco pasar por alto lo seguinte:

1. A proposta faila publicamente a Conselleira de Cultura de todos os asturianos e asturianas, da que cabe esperar (incluso á que cabe esixirle) respecto a todas e todos os falantes dos idiomas propios de Asturias, non sendo un bon exemplo non respectar el idioma propio da comarca al hora de crear un novo espacio cultural nun lugar unde hai un absoluto consenso científico sobre el carácter gallego-portugués del idioma propio. Queremos pensar que a Conselleira utilizou el sou idioma propio, el asturiano, na súa expresión oral e non era a súa voluntá deslexitimar al galego que se fala en Asturias.
2. El gallego de Asturias é un patrimonio inmaterial importantísimo de Asturias pero tamén un idioma vivo minorizado que necesita úa especial tutela e protección, e non debería haber institución pública na zona, especialmente as de carácter cultural, que non lo tuveran como idioma vehicular.
3. Según regulación legal das linguas propias de Asturias, inda carecendo de estatus legal de oficialidá, el galego de Asturias, igual que el asturiano, conta coa protección del reconocimiento estatutario a través da Lei 1/1998 que desenvolve el Estatuto de Autonomía del Principado e no contido con valor de lei da Carta Europea de Linguas Rexionales Minorizarias, según a interpretación da mesma feita ecentemente polo TSX de Galicia e tamén polo Tribunal Constitucional. Esa carta Europea contempla el respecto del ámbito xeográfico de cada idioma rexional minorizado.
4. A protección del ámbito lingüístico territorial de cada idioma (el gallego e el asturiano) non implica que non se lles poda reconocer el rango de oficiales a nivel de Comunidá Autónoma, se así lo decide algún día a Xunta del Principado e el

Parlamento del Estado, e en Asturias non hai problema ningún -todo lo contrario- en que úa institución de ámbito asturiano radicada na Asturias de fala galega teña un nome acorde coel idioma propio del territorio.

5. A Conselleira é filóloga, e non desconoce todos os puntos mencionados, anque en Axuntar non tíamos asta el momento muitas probas de sensibilidá e aprecio de Berta Piñán pola nosa lingua (inda tamos esperando ser recibidos por ela, como nos prometeu el Presidente Adrián Barbón xa vei pra tempo). Temos que decir tamén que nas respostas ás nosas comunicaciois feitas ou firmadas pola conselleira nunca utilizou el gallego de Asturias.

6. A pesar de todo, reivindicando os nosos deretos como falantes, esiximos que a denominación proposta, “Al faru”, seña ustituida por “Al faro”, en atención á realidá lingüística, á legalidá e, en última instancia, al sentido común.

Máis información: Moisés Cima Fernández. Presidente de Axuntar. 684 654 748